


Memoria Técnica

A compostaxe nos centros de ensino de Santiago de Compostela



ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)





ADEGA (Asoc. Para a Defensa Ecolóxica da Galiza)

R/ Travesa de Basquiños 9, baixo

15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal

compostaxe@adega.gal

Autora

María R. Lafuente



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTIVOS.....	4
3. MATERIAIS.....	4
4. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO COMPOSTAXE CASEIRA.....	5
• C.E.I.P Fontiñas.....	6
• C.E.I.P Ramón Cabanillas.....	10
• C.E.I.P Santiago Apóstolo.....	13
• C.E.I.P Mestre Rodríguez Xixirei.....	16
• C.E.I.P de Roxos.....	19
• C.E.I.P de Vite.....	22
5. CONCLUSIÓN.....	27
6. PROPOSTAS PARA O PRÓXIMO CURSO.....	28



1. Introducción

Co paso dos anos e a asunción dun modelo de desenvolvemento baseado no consumismo e na cultura de usar e tirar incrementouse o volume de residuos, e non só a súa cantidade senón tamén a súa perigosidade. O noso planeta xa non pode asumir máis residuos e polo tanto faise imprescindible aplicar o principio dos tres R: reducir, reutilizar e reciclar.

A pesar de que toda a sociedade é responsable da produción de residuos e, polo tanto, debe colaborar na boa xestión dos mesmos, o papel que o sector educativo xoga en todo este proceso é fundamental, ao ser un dos estamentos chave na transmisión ás novas xeracións dunha mensaxe clara de respecto ao medio ambiente e a responsabilidade individual e colectiva sobre o mesmo.

Dende ADEGA entendemos que o mellor xeito de xestionar os residuos é reducir o volume dos residuos en xeral, separando as diferentes fraccións e compostando a fracción orgánica.

Neste marco nace o proxecto de compostaxe nos centros de ensino de Santiago de Compostela. O obxectivo é que os escolares comprendan que os residuos orgánicos son biodegradables e que correctamente separados pódense compostar, transformándose nunha terra negra chamada compost.

Para acadar dito obxectivo o curso 2016/17 fíxose unha proba piloto nun centro de ensino, no Raiña Fabiola, dado o éxito do proxecto neste curso 2017/18 ampliouse a outros seis centros.

No inicio do curso convocouse unha reunión a todos os representantes dos centros de ensino, persoal de ADEGA, concello e unha profesora e alumnado do Raiña Fabiola que voluntariamente viñeron a contarnos a súa experiencia.

A reunión tivo lugar o 28 de setembro no local sociocultural de Santa Marta, despois da reunión visitamos a área de compostaxe comunitaria.

Despois da reunión solicitaron participar no programa 7 centros de ensino, tivemos que desbotar ao López Ferreiro por non ter sitio no patio para instalar os composteiros.

Así que comezaron o programa o, CEIP de Fontiñas, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Santiago Apóstolo, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei e o CEIP de Roxos, CEIP de Vite

2. Obxectivos

- Tomar conciencia da cantidade de residuos que xeramos
- Comprender o ciclo da materia orgánica
- Darlle solucións á problemática dos residuos desde a escola
- Ser conscientes de que os cambios a nivel individual teñen importancia na resolución dos problemas ambientais
- Fomentar unha conciencia cidadá crítica cara aos problemas ambientais

4

3. Materiais

- 2 Composteiros composter komp de 320L
- Cadernos de actividades. “compostaxe nos centros de ensino” (10 unid)
http://adega.gal/web/media/documentos/guia_compost_baixa.pdf
- Manual de compostaxe caseira (10 unid)
http://adega.gal/web/media/documentos/manual__compostaxe.pdf
- 3 caldeiros de 10L
- 2 xogos de luvas para nenas/os, 1 para adultas/os
- Ferramenta para remexer ou airear
- Triturado de podas (estruturante)



4. Desenvolvemento do proxecto

Este programa foi deseñado con tres actividades ao longo do curso, do seguinte xeito;

1º mes	Primeira charla	Charla inicial (Redución, separación, compostaxe...) Alumnos e implicados (cociña, comedor, xardinería) PWP. Compostaxe, funcionamento, etc. Montaxe da área de compostaxe
3º mes	Inspección técnica	Visita ao composteiro para ver o proceso, revisión dos parámetros da compostaxe con fichas de seguimento. Corrección de erros
7º mes	Observación final	Retirada do compost e identificación de macroinvertebrados Fichas de seguimento material para a identificación

5

En cada un dos centros o funcionamento foi diferente, polo que farei un resumo do acontecido en cada un dos centros. Houbo centros onde se fixeron as tres visitas establecidas e noutros centros chegaronse a facer 8 visitas.

Durante as revisións **os parámetros** a observar son os seguintes:

- Presenza de impropios
- Presenza de mosquiña
- Presenza de cheiros
- Humidade e temperatura
- Proporción de C/N correcta



CEIP Fontiñas

31 de Outubro	Entrega de material, instalación dos composteiros e actividade con dous grupos de 4º de primaria
2 de Marzo	Segunda visita, revisión de composteiros co mestre. Corrección de erros
20 de Abril	Nova ubicación e traslado de composteiros co alumnado
13 de Xuño	Ultima visita, revisión de composteiros e identificación de macroinvertebrados

Características xerais

- A persoa responsable do proxecto foi Serafín Barreiros, o seu correo electrónico serafinbf@edu.xunta.es
- O centro ten 440 alumnos/as
- Este curso puxeron en marcha unha horta
- Os encargados de levar o proxecto da compostaxe foron os dous cursos de 4º de primaria

Comezamos o proxecto o **31 de outubro** cunha charla conxunta na aula sobre o funcionamento do composteiro e a correcta separación de residuos. Posteriormente en grupos pequenos de 10 persoas baixamos ao patio a instalar os dous composteiros, recordamos o funcionamento e entregamos o material; caldeiros, luvas e ferramenta. O estruturante achegárono o persoal de xardinería do concello.

Na segunda visita o **2 de marzo** visitamos de novo os composteiros, a persoa responsable informounos que debido a unhas obras había que mudar de sitio os composteiros, debido a isto deixaron de usalos, de momento tiñan os restos do magosto e as cabazas do Samaín. Como estaba en construción a nova horta decidimos que sería o mellor sitio para reubicar os composteiros.


O **20 de abril**, xunto ao alumnado de 4º de primaria, primeiro un grupo e a continuación o segundo baleiramos os composteiros, desmontámoslos e levámoslos para a horta. Alí botamos de novo os restos orgánicos con estruturante e regamos para que voltaran a funcionar.

O **13 de xuño** fixemos a última visita, nesta ocasión os composteiros xa estaban a funcionar perfectamente, as papeleiras do patio xa se identificaran correctamente coa separación. Abrimos os composteiros pola parte inferior e puidemos comprobar como as cabazas do Samaín xa desapareceran. Un dos composteiros case tiña compost feito. Posteriormente puxemos compost nunhas bandexas e o alumnado foi descubrindo os macroinvertebrados falamos do funcionamento das miñocas e becho bola entre moitas cousas. Regamos os composteiros e dimos indicacións para o próximo curso.

Neste centro o funcionamento do composteiro foi bo, quizais a dificultade foi xestionar os residuos do centro e a falta de implicación do resto dos cursos. Quedando pendente organizarse mellor para o seguinte curso.







PAROLAS 2018

4º A PRIMARIA

Unha clase que dá clases

As Charlas de 4º A
 Durante todo o curso estivemos mellorando as nosas habilidades comunicativas e a expresión oral ao realizar diariamente unha charla de 5 minutos (aínda que o tempo é o de menos) na que falamos daquelas cousas que nos parecen interesantes, dunha experiencia divertida ou dun novo aprendizaxe que queremos compartir co grupo.
 Aínda que ao principio nos costaba un pouco, agora estamos desexando que nos toque de novo facer a nosa charla.



A compostaxe
 Como proxecto de centro estivemos traballando da horta á cociña e un dos pasos que nos pareceu máis interesantes foi a compostaxe. Pedísmoslle axuda á Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) que nos facilitou uns contedores para a compostaxe e nos explicou cómo montalos e cómo facer todo o proceso.



O vídeo de alimentación saudable
 Coa inestimable axuda de Brais, o mestre de prácticas, participamos nun concurso de vídeos educativos e para facer este vídeo tivemos que gravar en diferentes localizacións, como o NH Collection Santiago de Compostela. Mirade que vistas!



PÁXINA 28 CEIP FONTEIRAS

PAROLAS 2018

A visita á Policía Local
 Como nos interesa moito a seguridade viaria e nos movemos a diario pola cidade, quixemos coñecer un pouco máis ás persoas que dirixen o tráfico en Santiago de Compostela. Fomos a pé ata o Obradoiro, e visitamos a Policía Local. Ata vimos a sala de pantallas, onde poden observar o tráfico e regular a circulación



Obra de teatro
 Con motivo das Letras Galegas e homenaxeando a María Victoria Moreno, galardonada este 2018, os alumnos e alumnas de 4º A, coa necesaria intervención do director da obra, Serafín, realizaron unha adaptación dun dos seus relatos "Amigo lobo".



O Baile das cintas
 Con motivo da Semana Cultural das Letras Galegas, os nenos e nenas de 4º A fixeron un baile das cintas que representaron nos recreos tanto de Primaria como de Infantil. O motivo deste baile é que en varios lugares de Galicia, coincidindo cos Maios, se realiza esta danza para festexar o mes das flores.



PÁXINA 29 CEIP FONTEIRAS



CEIP Ramón Cabanillas

3 de novembro Charla conxunta co alumnado no salón de actos e montaxe da área de compostaxe por grupos

31 de xaneiro Segunda visita, revisión de composteiros. Corrección de erros

14 de xuño Revisión dos composteiros e actividade de identificación de descompoñedores

10

Características xerais

- A persoa responsable do proxecto foi José Matias Lago Peñas
- O centro ten 446 alumnos/as
- Teñen horta
- Os encargados de levar o proxecto da compostaxe foron os dous cursos de 4º de primaria

Comezamos o proxecto o **31 de novembro** cunha charla conxunta para os dous 4º de primaria na biblioteca, explicamos o proxecto e funcionamento dos composteiros polo miúdo cunha presentación en Power Point . Unha vez resoltas todas as dúbidas fixemos grupos pequenos e por quendas baixamos a instalar os dous composteiros. Neste centro teñen un espazo para a horta e ese foi o lugar escollido para a compostaxe. De feito nas hortas xa había un composteiro abandonado.

Na segunda visita o **31 de xaneiro** comprobamos os diferentes parámetros de xeito visual, comprobamos que non había cheiros, non mosquiñas, a separación era boa. Faltaba cubrir a froita co estruturante, humidade tamén correcta. Neste centro botan ao composteiro sobre todo froita e restos de bocadillos. De momento a aportación de residuos é escasa xa que comezaron o proxecto máis tarde.

O **14 de xuño** volvemos ao centro a facer a terceira visita, comprobamos os mesmos parámetros e nesa ocasión tivemos gran cantidade de presenza de mosquiña. Rematouse o estruturante e continuaron botando froita, cortaron a herba do centro e tamén a botaron toda xunta formando unha pasta. Explicamos de novo a importancia do estruturante e



chamouse para encargar máis. Abriuse o composteiro pola parte inferior pero aínda non tiña o compost feito. Como tarefas recomendamos airear e engadir estruturante, ao inicio do novo curso engadir auga.

Levamos un pouco de compost feito e por grupos identificamos os diferentes macroinvertebrados alí presentes, o alumnado gozou con esta actividade e comprenderon mellor a compostaxe ao poder observar o resultado, é dicir, o compost e quen fai que os residuos se transformen en compost.

Quizais neste centro as tarefas da compostaxe non están moi coordinadas entre a persoa responsable e o profesorado de 4º de primaria.





CEIP Santiago Apóstolo

15 Novembro Entrega de material, instalación dos composteiros e actividade con dous grupos de 4º de primaria

19 Decembro Segunda visita, revisión de composteiros. Corrección de erros

18 Xaneiro Aireación do composteiro. Deixamos de botar residuos de comedor

14 de Xuño Última visita, revisión de composteiros e identificación de macroinvertebrados do compost

13

Características xerais

- A persoa responsable do proxecto foi Madó Castro
- O centro ten 160 alumnos/as
- Teñen horta nas hortas urbanas da Almaciga
- Os encargados de levar o proxecto da compostaxe foron os dous cursos de 4º, 5º e 6º de primaria e as actividades tamén asistiu o alumnado de educación infantil

Comezamos o proxecto o **15 de novembro**, xuntamos o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria no salón de actos e explicamos o proxecto co apoio dunha presentación en Power Point, funcionamento e resolvemos dúbidas. Despois por grupos pequenos instalamos os dous composteiros no patio, neste caso escolleuse unha zona axardinada preto do comedor. Ao final da actividade pasaron os de educación Infantil e tamén lles explicamos o proceso.

Na segunda visita o **19 de decembro** comprobamos os diferentes parámetros, cheiros, mosquiña, mestura... neste caso comezaba a aparecer mosquiña polo que aconsellamos cubrir sobre todo os restos de froita con estruturante. Os caldeiros están en diferentes zonas do patio e un nas aulas de infantil. Arredor desta data o persoal do comedor comezou a botar os restos de comida nos composteiros.

O **18 de xaneiro** a petición da persoa responsable do proxecto pasamos polo centro a ver a situación do composteiro, neste caso ademais de mosquiña ao intentar remexer comezou a dar cheiros, resulta que fixo pasta por botar os restos de comida do comedor sen remexer e case non botar estruturante, polo que tivemos que voltar de novo con ferramentas e darlle un bo remexido, aconsellamos deixar de botar restos de comedor debido a que non hai ninguén que remexa o composteiro diariamente e o persoal do comedor tampouco o fai.

O **14 de xuño** fixemos a última visita ao centro, os composteiros estaban fermentando perfectamente 35º C, usan as follas das árbores como estruturante, xa non botan os restos do comedor si as mondas das froitas do recreo e os restos das merendas en infantil. Polo que aparentemente o proceso vai ben pero ao abrir o composteiro por abaixo aínda non estaba feito o compost de feito podíase percibir unha pasta que ao remexer daba cheiros, son os restos que quedaron da época na que se botou demasiada cantidade de residuos de comedor sen remexer. Decidimos ir nas próximas semanas unha vez rematado o curso e darlle unha volta aos residuos para que entre o osíxeno e continúe o proceso da fermentación. Levamos compost para facer a actividade de identificación dos descompoñedores e o alumnado puido observar e aprender quen son os encargados de transformar os restos das merendas en terra. Fixemos varios grupos pequenos primeiro 4º de primaria e logo infantil. Neste centro demandase por parte da persoa responsable do proxecto máis implicación do profesorado nas tarefas da compostaxe.





CEIP Mestre Rodríguez Xixirei

2 Novembro	Entrega de material, instalación dos composteiros e actividade con 3º de primaria e infantil
5 Abril	Segunda visita, revisión de composteiros. Corrección de erros
20 Xuño	Ultima visita, revisión de composteiros e identificación de macroinvertebrados do compost

Características xerais

- A persoa responsable do proxecto foi Antón Rodríguez
- O centro ten 140 alumnos/as
- Teñen horta, invernadoiro e outro composteiro. O centro gañou o premio Voz Natura na edición da compostaxe
- Os encargados de levar o proxecto da compostaxe foi o curso de 3º de primaria e educación infantil

O proxecto neste centro comezou o **2 de novembro** cunha explicación na aula sobre o proxecto e funcionamento do composteiro co apoio dunha presentación en Power Point. Posteriormente baixamos á horta e buscamos un emprazamento axeitado para os dous composteiros. Neste caso como xa tiñan outro composteiro do programa Voz natura aproveitamos para facer unha revisión ao composteiro, que por outra banda estaba un pouco abandonado de aí a importancia de facer un seguimento e non so unha entrega do composteiro. Este composteiro estaba bastante seco polo que aconsellamos engadir auga e tiña algo de impropios que retiramos. En canto aos caldeiros, puxéronse dous para o recreo e outro para infantil.

A segunda visita foi o **5 de abril** revisamos os tres composteiros, no primeiro (mais antigo) tiña algo de mosquiña estaba a froita sen tapar polo que aconsellamos cubrir con herba ou folla,

abrimos o composteiro pola parte inferior e puidemos comprobar como xa estaba formado o compost. Estaba xa listo para usar nos traballos do invernadoiro que comezarían en breve.

Os outros dous composteiros estaban fermentando axeitadamente, tiñan algo de mosquiña polo que se aconsellou cubrir mellor e a separación en xeral é boa, nun dos composteiros detectamos unha toallita hixiénica que supoñemos que viu de infantil, desaconsellamos botar este tipo de residuos.

Ademais dos restos das merendas dos recreos algúns profes implicáronse no proxecto e traen residuos orgánicos das súas casas.

Nestes dous últimos composteiros puidemos comprobar na parte inferior que o compost aínda non estaba listo.

A terceira visita foi o 20 de xuño, xa a piques de rematar o curso, nesta ocasión os tres composteiros estaban a funcionar correctamente, do primeiro xa extraeran algo de compost para a horta. Nos outros dous xa hai tamén compost. A separación é boa, non hai cheiros, xa non hai mosquiña, están fermentando o único quizais os tres composteiros están algo secos, aproveitamos esta xornada para engadir auga. Posteriormente quitamos compost e identificamos os descompoñedores, actividade que lle encantou ao alumnado.





CEIP de Roxos

24 outubro Entrega de material, instalación dos composteiros e actividade con 1º e 2º de primaria

9 de xaneiro Segunda visita, revisión de composteiros. Corrección de erros,

19 de xuño Última visita, revisión de composteiros e identificación de macroinvertebrados do compost

19

Características xerais

- A persoa responsable do proxecto foi Olalla Fontenla López
- O centro ten 308 alumnos/as
- Este curso puxeron en marcha unha horta
- Teñen dous composteiros un deles do programa Voz Natura, estaban sen usar
- Os encargados de levar o proxecto da compostaxe foi o curso de 1º e 2º de primaria

Comezamos o **24 de outubro** cunha charla conxunto sobre o proxecto da compostaxe e funcionamento dos composteiros. Posteriormente en grupos pequenos baixamos ao lugar onde iría a futura horta a instalar estes dous composteiros. No centro xa había dous composteiros que neste momento non se estaban a usar, decidimos poñelos todos xuntos na zona de horta.

A segunda visita foi o **9 de xaneiro**, aínda non puxeron en marcha a recollida separada de residuos orgánico polo que están infrutilizados os composteiros, soamente teñen os restos dos magostos e pouco máis. Un dos composteiros mudouse de sitio xa que a zona da horta agora en inverno a herba está alta e mollada polo que dificulta o achegamento dos residuos, polo que un dos composteiros instalouse preto ao patio cuberto. Nun dos composteiros o persoal de comedor soamente bota laranxas sen estruturante polo que están facendo pasta e moita mosquiña, deixamos recado as mestras para que comuniquen no comedor que engadan estruturante.

A terceira visita tivo lugar o **19 de xuño**, nesta ocasión a mestra responsable do proxecto estaba de baixa, polo que o proxecto estivo boa parte do ano descoordinado, os composteiros estaban mediados e un pouco secos polo que engadimos auga o das laranxas continúa no mesmo estado e con moita mosquiña polo que remexemos e engadimos estruturante. A estas alturas do curso xa tiñan a horta montada e como substrato usaron compost do concello. Neste centro falta organización para levar os residuos orgánicos ao composteiro.





CEIP de Vite

30 outubro	Entrega de material, instalación dos composteiros e actividade con 5º de primaria
12 decembro	Segunda visita, revisión de composteiros.
18 decembro	Incidencia por cheiros, Baleirado de composteiros
12 xaneiro	Visita ao centro
19 xaneiro	Visita ao centro para remexer
23 de febreiro	Instalación dun terceiro composteiro
20 de abril	Visita ao centro, revisión dos composteiros co alumnado
11 de xuño	Ultima visita, revisión de composteiros e identificación de macroinvertebrados do compost con todos os cursos por quendas

Características xerais

- As persoas responsables do proxecto foron Teresa Márquez e Beatriz Veneranda
- O centro ten 212 alumnos/as
- Este curso puxeron en marcha un proxecto de xardinería en vertical
- Os encargados de levar o proxecto da compostaxe foron todos os cursos organizados por grupos que lle chamaron patrulla verde

Comezamos a actividade o **30 de outubro**, fixemos unha charla conxunta para os dous 5º de primaria onde explicamos o proxecto e resolvemos dúbidas sobre a compostaxe, entregamos o material e logo por grupos reducidos procedemos a instalación dos composteiros a cada grupo recordamos os pasos mais importantes para facer a compostaxe. O lugar escollido foi a zona sombreada onde están as árbores.

O **12 de decembro** fixemos a segunda visita ao centro, todos os cursos pasaron polo composteiros, puidemos comprobar nesta visita a boa organización do centro, mercaron un termómetro e un kit de limpeza, en conserxería hai un rexistro onde cada día cada grupo fai as seguintes anotacións; cantidade de residuo engadido ao composteiro, presenza de cheiros, moquiña ou impropios, se a mestura é axeitada temperatura e o tipo de restos, ao remate das anotación proceden a limpar a ferramenta e os caldeiros. Nesta visita observamos que se estaba engadindo cada día un caldeiro de restos de comida do comedor mais os caldeiros postos no patio con restos sobre todo de froita, a temperatura de ambos composteiros era de 57°C, e a separación moi boa, pero debido ao gran aporte dos restos do comedor comezaba a aparecer cheiros e algunha mosquiña aconsellamos remexer mais e engadir máis estruturante aconsellamos tamén diminuír os restos do comedor

O **18 de decembro** recibimos unha chamada do centro comunicando que os composteiros cheiraban moito, así que nos achegamos con ferramenta para remexer máis profundamente, xa que os dous composteiros estaban case cheos e puidemos comprobar como na parte inferior os restos do comedor estaban apodrecendo no lugar de fermentar, botáronse os caldeiros do comedor é dicir 10L de pasta ou arroz ou guiso e non se remexeu co resto do material. Decidimos no momento quitar todo o material para fora para airear e voltar a introducir dentro pouco a pouco e mesturado con estruturante, quedaron os dous composteiros cheos e aconsellamos deixalos “descansar” para que foran procesando toda a materia orgánica durante o nadal. Este día os composteiros pasaban dos 60°C. Foi moita cantidade de residuos de comedor para o tamaño do composteiro. Cando queremos procesar tanta cantidade de residuo precisamos dunha persoa profesional que se encargue do mantemento.

O **12 de xaneiro** pasamos polo centro para comprobar o proceso, voltamos a remexer e engadimos auga, os composteiros estaban a boa temperatura arredor de 60°C e xa non presentaban cheiros. Aconsellamos reanudar o proceso pero botando soamente os restos das merendas.

O **19 de xaneiro** fixemos unha rolda de prensa neste centro para presentar o proxecto. Como os dous composteiros estaban practicamente cheos acordamos co concelleiro de medio ambiente e o persoal do centro a instalación dun terceiro composteiro.

O **23 de febreiro** instalamos o terceiro composteiro, aproveitamos para remexer en condicións os outros dous. Voltamos a explicar como facer unha xestión correcta dos composteiros


O **20 de abril** fíxemos de novo unha revisión dos composteiros co alumnado onde lles explicamos o porqué dos cheiros, os erros que houbo e puidemos comprobar que ao facelo ben non hai problemas.

Por ultimo o **11 de xuño** fixemos a terceira visita, esta vez tamén pasaron polo composteiros todos os grupos por quendas. Fixemos grupos para identificar os descompoñedores, nos dous primeiros composteiros xa case estaba feito o compost.



TAREFAS COMPOSTEIROS

1ª		Pólder lavas
2ª		Colocar os caldeiros grises no patio.
3ª		Coller o caldeiro verde, que ten os restos do comedor do día anterior, e levalo ao composteiro.
4ª		Coller os caldeiros con restos: do patio EP e de Ed. Infantil (xa o traen para baixo) e levalos ao composteiro.
5ª		Nos composteiros: 1ª. Valear, repartindo entre os dous. 2ª. Engadir un pouco de madeira triturada (estructurante). 3ª. Remexer lixeiramente. 4ª. Cubrir a mistura con follas e pechar a tapa.
6ª		Lavar os caldeiros: pode ser no baño de nenas do patio porque tén un fregadeiro cómodo.
7ª		Recoller as ferramentas (gardaranse debaixo das escaleiras agás o caldeiro do comedor, que deixaremos novamente all).
8ª		Anotar na ficha (mesa diante de conserxería). 1. Cada día a cantidade que levamos (en medidas aproximadas de caldeiros: medio caldeiro, cuarto caldeiro). Cando calculemos o total da semana distinguiremos entre caldeiros verdes e caldeiros grises. 2. O venres rexistraremos os outros datos.



25

COMPOSTEIROS GRUPO: 5º SEMANA Nº: 3

Durante a semana:

Día	Data	Cantidade de residuos engadida ao composteiro	Total
Luns	27/11/2017	Comedor: 1/2 caldeiro Patio: 1 c + 1/4	2 + 1/4
Martes	28/11/2017	Comedor: 1 c Patio: 3/4 c	1 + 3/4
Mércores	29/11/2017	Comedor: 1 c Patio: 3/4 c	1 + 3/4
Xoves	30/11/2017	Comedor: 3/4 de c. Patio: 1/2 de c	1 + 3/4
Venres	1/12/2017	Comedor: 1 c. Patio: 3/4 dec.	1 + 3/4

Ao remate da semana:

CHERROS: SI NON

MOSQUIRA: SI NON

TEMPERATURA: 52,6°C

ENXAMES PLÁSTICOS: SI NON

QUET: OUTRAS:

HUMIDADE: POLVO: MOIDA:





5. Conclusións

Finalmente podemos concluír que o proxecto de compostaxe na escola foi un éxito, en cada centro a xestión foi diferente mais en maior ou menos medida a participación e implicación foi boa.

É imprescindible que haxa un seguimento durante todo o curso para que non se abandone o proxecto, podemos constatar que os composteiros cedidos polo programa Voz Natura (sen seguimento) non foron usados ou ben foron abandonados.

En xeral o tema que queda pendente é implicar a todo o centro dende a dirección, conserxería e alumnado para que non caia a responsabilidade soamente no mestre responsable ou nun so grupo. É importante que o composteiro e a compostaxe entren a formar parte do currículo de centro.

Nalgún centro é importante reforzar a separación selectiva e acadar unha boa organización para que todos os residuos orgánicos das merendas se xestionen mediante a compostaxe. isto pode ser comparable á xestión de residuos dunha cidade, así o alumnado pode comprender as problemáticas da xestión de residuos e aportar solucións.

O funcionamento dos composteiros é mellor cando está asociado a unha horta, así podemos observar e comprender o ciclo completo da materia orgánica.

O alumnado e profesorado gustan moito da actividade da identificación de descompoñedores, séntense realizados ao comprobar que hai vida dentro dos composteiros, agora o compromiso é maior xa que temos que conservar todos os seres vivos.

A implicación do alumnado nesta actividade é moi boa, non teñen reparos en manexar os composteiros e entenden moi ben o funcionamento. Gústalles comprobar a presenza dos descompoñedores e identificalos. Entenden perfectamente as razóns polas que é preciso separar os restos orgánicos do resto.

Comprobamos que estes composteiros non poden asumir os residuos do comedor, por unha banda é moita cantidade de residuo para o tamaño do composteiro e por outra pola tipoloxía do residuo (son mínimo 10L cada día dunha masa homoxénea e moi húmida) nestes casos é imprescindible remexer ben todos os días e a mestura de residuo e estruturante ten que ser perfecta, é imprescindible que esta xestión sexa feita por un profesional non pode ficar ao voluntariado do centro. O obxectivo destes composteiros é que sexan educativos polo que descartamos asumir os residuos do comedor.



6. Propostas para o próximo curso

Continuar con actividades ao principio de curso para iniciar o proxecto nestes 6 centros mais no Raiña Fabiola iniciado o curso anterior. Sería interesante ao principio de curso extraer o compost, cribalo e volver a reiniciar os composteiros.

Nalgún centro como o de Fontiñas solicitaron unha **charla para o profesorado** coa intención de implicar a máis persoal, no Santiago Apóstolo a persoa responsable tamén manifesta a necesidade de maior implicación por parte do profesorado.

Deseño dalgunha actividade ou dinámica para mellorar a **xestión de residuos** nos centros e unha mellor organización para levar os residuos orgánicos aos composteiros.

Deseño dalgunha actividade relacionada co consumo de alimentos, que promova unha **alimentación saudábel**, xa que a maioría das merendas do recreo son de bolearía industrial e sobreenvasado. Tamén evitar embalaxes dun so uso.

Implicar ao persoal de conserxería na xestión do composteiro como persoal de apoio, o ideal sería que recibiran un **cursiño de formación**.

Instalar algunha área de compostaxe comunitaria para os **residuos orgánicos do comedor** xestionada por persoal de concello, é dicir que entren a formar parte da rede de áreas de compostaxe comunitarias municipal.

